

HISTORIA 1º BACFICHA REPASO

Ola a todos. Rematamos xa o tema da 2ª Guerra Mundial, se alguén ten dúbidas, problemas ou quere comentar algo pode contactar comigo por correo electrónico. Tentarei de contestar a todos.

Antes de iniciar o seguinte tema (que será o Holocausto ou Shoah) faremos un repaso de todo o curso, mediante os exercicios que propoño a continuación.

A proposta é a seguinte. Hai que clasificar unha serie de personaxes en optimistas ou pesimistas tendo en conta a situación histórica que estaban a vivir. Na resposta hai que escribir un mínimo de 20 palabras xustificando a túa elección e facendo referencias ás circunstancias históricas do momento.

Exemplo. Un habitante de Chicago en 1926.

Resposta: Sería optimista, xa que Estados Unidos estaba vivindo uns anos de crecemento económico (os Felices '20) e os salarios eran cada ano máis altos, a capacidade de consumo era alta (nace a sociedade de consumo) e o desemprego non existía. Era unha época de progreso e de paz.

Estas son as preguntas

- 1) Un alemán en 1923
- 2) Un habitante de Boston en 1783
- 3) Un liberal (partidario do liberalismo) en 1820
- 4) Un xeneral alemán na primavera de 1945
- 5) Un obreiro de San Petersburgo en novembro de 1917
- 6) Un habitante de Leningrado en 1941
- 7) Un alemán en 1875
- 8) Mussolini en 1939
- 9) Un obreiro de Chicago en 1932
- 10) Un xaponés a finais de 1945

Recordo outra vez que as respostas deben incluír unha **argumentación clara** e deben ter un **mínimo de 20 palabras**.

As respostas deben ser entregadas antes do xoves **30 ás 22:00 horas**.

Boa sorte!!